Bases para a Inscrición no Microcamp de Robótica, drons, gafas VR e impresión 3D para nenas/os

1. Obxecto

O Concello de Boiro convoca un curso de robótica, drons, gafas VR e impresión 3D, dirixido a nenas e nenos co obxectivo de fomentar a aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades tecnolóxicas básicas nunha contorna educativa e lúdica.

2. Requisitos de Participación

Poderán inscribirse no curso de informática aqueles nenos que cumpran os seguintes requisitos:

Idade: Ter nado entre o 2012 e 2018.

Interese na informática: Os participantes deberán mostrar interese no uso de ferramentas tecnolóxicas e programación básica.

Autorización de pais ou titores: A inscrición debe contar co consentimento e firma dos pais ou titores legais.

3. Prazo de Inscrición

O prazo de inscrición estará aberto desde o día 22/07/2026 ata o 28/07/2026, ambos inclusive. As inscricións fóra de prazo non serán aceptadas, salvo casos xustificados que serán avaliados pola organización.

4. Modalidade de Inscrición

A inscrición deberá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Presencial: Nas oficinas do Rexistro do Concello, sito na Praza Galicia S/N 15930, Boiro, A Coruña.
- En liña: A través da páxina web do Concello mediante instancia xeral en https://boiro.sedelectronica.gal/info.0 . Será necesario adxuntar a inscrición mediante a sede electrónica xunto cos documentos requeridos.

Documentación necesaria:

Formulario de inscrición debidamente cumprimentado.

Fotocopia do DNI ou documento de identificación do neno e do seu titor legal.

Autorización asinada polos pais ou titores.

5. Cotas e Criterios de Selección

Número de prazas: O curso ten un límite de 10 prazas.

Criterio de selección: No caso de que o número de solicitudes exceda as prazas dispoñibles, procederase a celebración de un sorteo público na aula CEMIT sita no Centro Social de Boiro 1ª planta, o 30/07/2026 as 12:00h

CONCELLO DE
BOIRO

6. Contidos do Curso

O microcamp abarcará as seguintes áreas:

Introdución ao manexo de drons.

Conceptos básicos de Impresión 3D.

Introdución a realidade Virtual

Introdución a Robótica

Uso seguro da internet e ferramentas dixitais.

Xogos e actividades didácticas relacionadas coa informática.

7. Datas e Lugar do Curso

Datas: O curso desenvolverase os luns, martes, xoves e venres desde o 03/08/2026 ata o 14/08/2026 (Non haberá curso os mércores 5 nin o mércores 8 de agosto).

Horario: De 10:00 a 13:00.

Lugar: As clases terán lugar na aula CEMIT na 1ª pranta do Centro Social de Boiro, situado na rúa Poeta Manuel María s/n. 15930 Boiro .

8. Certificado de Participación

Ao finalizar o curso, os participantes que asistisen ao 80% das clases recibirán un certificado de participación expedido polo Concello de Boiro.

9. Condicións Xerais

A inscrición no curso é gratuíta.

O Concello resérvase o dereito de modificar as datas ou o lugar do curso se fose necesario, notificando con antelación aos participantes.

Calquera situación non prevista nestas bases será resolta pola organización do curso.

10. Información e Contacto

Para máis información, poden dirixirse a aula CeMIT do Concello de Borio, chamando ao teléfono 981 84 26 35/629 769 139 ou escribindo ao correo electrónico axentetic@boiro.org .

CONCELLO DE BOIRO
Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60

CONCELLO DE BOIRO

ANEXO I: INSCRICIÓN

FICHA DE PRESCRICIÓN: MICROCAMP DE ROBÓTICA, DRONS, GAFAS VR E IMPRESIÓN 3D

1.- Nome d@ participante: ……

NIF: ……. Data de Nacemento…….. (……. Anos)

Domicilio fiscal: ……..……..

Teléfonos: …….. E-mail:……..……..

Nome d@s representantes legais

Nome: ……..

NIF: ……..

Domicilio fiscal: …….

Teléfonos: : …….. E-mail:……..……..

Outros teléfonos de interese: …….

Nome: ……..

NIF: ……..

Domicilio fiscal: …….

Teléfonos: : …….. E-mail:……..……..

Outros teléfonos de interese: …….

A participar a/o menor en tódalas actividades e saídas que se realicen durante o curso de STEAM

AUTORIZA ☐ **NON AUTORIZA** ☐

Ó Concello de Boiro a captación e publicación de imaxes dos participantes en soportes informáticos (impreso e dixital) sempre e cando sexa con fins informativos, didácticos ou culturais.

AUTORIZA ☐ **NON AUTORIZA** ☐

OBSERVACIÓNS: .....……

E INFORMA:
Que @ nen@ **PADECE** ☐ **NON PADECE** ☐ as seguintes alerxias, intolerancias alimenticias ou doenzas (físicas e/ou psicolóxicas) considerables de ter en conta ……..

……

Asdo.

O/A representante legal

Conforme ó disposto na Lei Orgánica 3/2018, os seus datos de carácter persoal, serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ós correspondentes ficheiros de titularidade do CONCELLO DE BOIRO que se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. En calquera momento, pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, así como o de revogación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, comunicándoo por escrito e presentándoo no rexistro xeral do Concello.

CONCELLO DE BOIRO
Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60

CONCELLO DE BOIRO

ANEXO II: AUTORIZACIÓN RECOLLIDA

AUTORIZACIÓNS RECOLLIDA DE PARTICIPANTES: MICROCAMP DE ROBÓTICA, DRONS, GAFAS VR E IMPRESIÓN 3D

Eu, _____, con DNI: _____, nai/pai/titor legal de: _____, con DNI_____

AUTORIZO Ó CONCELLO DE BOIRO e MONITORADO do Curso de STEAM a que entreguen, baixo a miña responsabilidade, ao meu fill@, a:

D/a……..……NIF Nº …..…… (Nº 1)

D/a……..……NIF Nº …..…… (Nº2)

D/a……..……NIF Nº …..…… (Nº3)

D/a……..……NIF Nº …..…… (Nº4)

unha vez finalizada a sesión do campamento.

Observacións (si se da o caso).....……

CUBRIR **SÓ** EN CASO DE QUERER QUE OS/AS NENOS/AS **SAIAN SÓS** DO CAMPAMENTO

Eu, _____, con DNI: _____, nai/pai/titor legal de: _____, con DNI_____ AUTORIZO Ó CONCELLO DE BOIRO e MONITORADO do curso de STEAM a **que deixen saír** das dependencia, baixo a miña responsabilidade, ao meu fill@, (pola súa conta) unha vez finalizada cada sesión do campamento e

DECLARO

Que o CONCELLO DE BOIRO e o MONITORADO **quedan exentos** de toda responsabilidade se acontecese algún dano @ nen@ unha vez que abandone os centros onde se realiza o campamentos ao remate de cada sesión.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente

Asd.

O/A representante legal

Conforme ó disposto na Lei Orgánica 3/2018, os seus datos de carácter persoal, serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ós correspondentes ficheiros de titularidade do CONCELLO DE BOIRO que se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. En calquera momento, pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, así como o de revogación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, comunicándoo por escrito e presentándoo no rexistro xeral do Concello.

CONCELLO DE BOIRO
Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60

CONCELLO DE BOIRO

ANEXO III: ACEPTACIÓN NORMATIVA

NORMATIVA XERAL DO CURSO DE ROBÓTICA, DRONS, GAFAS VR E IMPRESIÓN 3D

A PARTICIPACIÓN no microcamp de robótica, drons, gafas VR e impresión 3D implica a aceptación das seguintes cláusulas:

Aceptación de Horarios
Horario do microcamp: 10:00 a 13:00h
Entrada: 10:00 h
Recollida: ás 13:00 h

Pasado o tempo de recollida, se non acude a recoller ao menor e non dispoñemos de noticias ao respecto, chamarase ao organismo público correspondente.

Obrigas:
- Bo comportamento (non se permitirá ningún tipo de comportamento violento ou que altere as dinámicas de traballo)
- Máximo respecto ao monitorado e compañeiros/as.
- A hixiene persoal e a orde son moi importantes e coidarase en beneficio de convivencia entre todos.
- Respectar o material e as instalacións.
- Deben seguir as directrices e normas do grupo de monitoraxe, independentemente da súa idade.
- Ante algún conflito o pai/nai ou titor/a debe dirixirse ao monitor/a.

Tanto os/as participantes coma os seus representantes legais aceptan e asinan o cumprimento destas normas. No caso do seu incumprimento pode levar a expulsión do/a participante nestes servizos e sen dereito a devolución, procedendo ao chamamento da seguinte persoa da lista de reserva.

Asdo.

O/A representante legal

O/A interesada/o

Conforme ó disposto na Lei Orgánica 3/2018, os seus datos de carácter persoal, serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ós correspondentes ficheiros de titularidade do CONCELLO DE BOIRO que se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. En calquera momento, pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, así como o de revogación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, comunicándoo por escrito e presentándoo no rexistro xeral do Concello.